

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESTINATARIO/A

TABOLEIRO ANUNCIOS

Pola presente dásele traslado do literal do Decreto Nº 250/2021 de data 26/04/2021, no que se convoca a sesión Ordinaria do Pleno.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29/04/2021

EXPEDIENTE Nº 2021/G010/000005

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO 29/04/2021

EXPEDIENTE Nº 2021/G003/000265

DON JOSÉ SIMOES COUCEIRO ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola Secretaria municipal o día 26/04/2021, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO**:

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar de xeito **TELEMÁTICO**, o próximo **xoves 29/04/2021 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA**:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA 25/03/2021

2.- DAR CONTA REMISIÓN MINISTERIO PMP E MOROSIDADE. PRIMEIRO TRIMESTRE 2021.



3.- DACIÓN DE CONTA E RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ALCALDÍA. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN "AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)" (POS + COMPLEMENTARIO 2021)

4.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 6, CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.-

5.- 3º REAXUSTE ANUALIDADES "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I."

6.- CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME

7.- MOCIÓN PSG-PSOE. PECHE DO CENTRO DE OPERACIÓNS DE REDES DE NATURGY NA CORUÑA

8.- MOCIÓN BNG. RAMIRO FONTE

9- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

11- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).